



CANTO CHE DEBE A CONSELLERÍA DENDE O ANO 2010?

Desde o ano 2010 nos Orzamentos da Xunta de Galicia asistimos a diferentes espolios ás persoas traballadoras do ensino concertado en pago delegado. No acordo trianual do ano 2008 fíxose un primeiro intento de homologación salarial coas persoas traballadores do ensino público a tres anos. No ano 2010 quedábanos por cobrar 45 euros máis un 2% no CRCA. Desde ese ano asistimos ao seguinte nos Orzamentos da Xunta de Galicia:

Disposición adicional décimo segunda. Centros concertados

Un. No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante a Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do dous por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de corenta e cinco euros (45 €) brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

QUE SIGNIFICA ISTO A NIVEL SALARIAL DESPOIS DE 17 ANOS?

Imos ver o que fomos perdendo ano a ano, e o total para as persoas que traballaban xa no 2010 e ata o 31 de decembro de 2026.

As persoas que empezaron a traballar na concertada posteriormente ao ano 2010 poden facer os cálculos persoais dun xeito doado seguindo a táboa que aparece a continuación. As persoas que empezaron o seu traballo en calquera outro mes e día que non fose o 1 de xaneiro de 2010 poden facer a prorrata dese ano da seguinte forma: ver na táboa a perda anual, dividir entre 12 meses e multiplicar polos meses de traballo dese ano. Tamén queremos explicar que nesta táboa só se teñen en conta as subidas e baixadas salariais que afecten á diferenza entre o que se cobraba de CRCA e o que tiñamos que cobrar segundo ese acordo que remataba no 2010 coa suba dun 2% deste Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma máis 45 euros en cada unha das 14 pagas anuais.

Partimos de que no ano 2009 tiñamos o seguinte CRCA:

ANO	EI-EP-EE	MESTRES 1º CICLO	LIC. ESO-FP-PCPI
2009	349,88€	446,53€	370,16€

COMO TERÍA QUE SER E COMO EVOLUCIONARÍA A PARTIR DO 2010?

45 EUROS MÁIS O 2% NAS 14 PAGAS O QUE PERDEMOS SERÍA ASÍ:

ANO	Variac. Salarial	EI-EP-EE	MESTRES 1º CICLO	LIC ESO-FP-PCPI
2010	45€+2%	727,97€	755,03€	733,60€
2011	-2,23%	711,74€	738,19€	717,24€
2012	-4,5%	679,71€	704,97€	684,96€
2013	0%	679,71€	704,97€	684,96€
2014	0%	679,71€	704,97€	684,96€
2015	+4,5%	710,30€	736,70€	715,78€
2016	0%	710,30€	736,70€	715,78€
2017	Rec 2011+1%	718,86€	745,57€	724,41€
2018	+1,75%	731,44€	758,62€	737,09€
2019	+2,625%	750,64€	778,53€	756,44€
2020	+2%	765,65€	794,10€	771,57€
2021	+0,9%	772,54€	801,25€	778,51€
2022	+3,5%	799,58€	829,29€	805,76€
2023	+3,5%	827,56€	858,32€	833,96€
2024	+2,5%	848,25€	879,78€	854,81€
2025	+3%	873,70€	906,17€	880,45€
2026	+1,5%	886,80€	919,76€	893,66€
TOTAL	-----	12.874,46€	13.352,92€	12.973,94€

Hai que facer saber a toda sociedade cal é a realidade, non podemos quedar calados ante este espolio.

Imos loitar entre todas e todos para revertir esta situación. Contamos convosco!!!